



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE FACENDA  
Dirección Xeral da Función Pública

Edificio Administrativo San Caetano

15781 Santiago de Compostela



**Asunto:** Solicitude interpretación artigo 20 do V Convenio Colectivo.

Mediante escrito de 10 de maio de 2013, nº 71.979 do rexistro xeral da Xunta de Galicia, o Comité Intercentros do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, solicita da comisión paritaria a adopción da seguinte interpretación do artigo 20 do V Convenio:

*"Entendendo o espírito do art. 20 do convenio colectivo único de outorgar o goce de 30 días laborables a aqueles traballadores/as que por necesidades do servizo teñan que facer uso do seu dereito vacacional nun período distinto ao de verán, non sexan minguados por non desenvolver unha xornada ordinaria de luns a venres, a Comisión Paritaria de vixilancia, interpretación e desenvolvemento do V Convenio colectivo único, acorda, que cando por necesidades do servizo o persoal teña que gozar obrigatoriamente as súas vacacións fóra do período establecido, as vacacións serán de 30 días hábiles e considerándose o sábado como día inhábil a estes efectos".*

Sobre a devandita solicitude cómpre responder o seguinte:

**Primeiro.-** O artigo 8 do dito Real Decreto – Lei 20/2012 dedicado á modificación dos artigos 48 e 50 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público establece no seu apartado segundo e terceiro que:

Dous. Modifícase o artigo 50 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público que queda redactado do seguinte xeito:

**Artigo 50. Vacacións dos funcionarios públicos.**

Os funcionarios públicos terán dereito a gozar, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. Para os efectos do previsto no presente artigo, non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.»


Tres. Dende a entrada en vigor deste Real Decreto-lei, quedan suspendidos e sen efecto os Acordos, Pactos e Convenios para o persoal funcionario e laboral, subscritos polas Administracións Públicas e os seus Organismos e Entidades, vinculados ou dependentes das mesmas que non se axusten ao previsto neste artigo, en particular, no relativo ao permiso por asuntos particulares, vacacións e días adicionais aos de libre disposición ou de similar natureza.

En consecuencia non cabe realizar interpretación algunha sobre un precepto convencional que se atopa en suspenso en aplicación do exposto anteriormente.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

O Presidente da Comisión Paritaria

Victor Gallego Vincent



**COMITÉ INTERCENTROS DO PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA**